

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 13 de abril de 2021 sobre ampliación do prazo establecido no artigo 21 da Resolución do 10 de abril de 2019, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES), anualidade 2019 (Diario Oficial de Galicia número 74, do 16 de abril de 2019).*

Mediante o Real decreto 72/2019, do 15 de febreiro (*Boletín Oficial del Estado* número 41, do 16 de febreiro de 2019), establecéronse as bases reguladoras do programa de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES).

De acordo co disposto no artigo 21 da Resolución do 10 de abril de 2019, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES), o prazo máximo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados desde a data de notificación da resolución de concesión. Ademais, o prazo de execución das actuacións en ningún caso poderá exceder o 30 de xuño de 2021.

Con carácter xeral, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), indica que a Administración poderá acordar a ampliación dos prazos establecidos, de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellan.

O Inega pretende prorrogar os prazos de execución e xustificación das actuacións subvencionadas cando as empresas que non esgotasen o prazo de xustificación e execución dos investimentos o soliciten; no presente procedemento de concesión de axudas estanse a rexistrar solicitudes de prórroga por parte dos beneficiarios, motivadas nas dificultades existentes para executar e xustificar os investimentos subvencionados na referida data límite, por cuestións orzamentarias, de procedemento de contratación das obras e a demora nas entregas de materiais polos provedores; ademais non existe a posibilidade de causar prexuízos a terceiros.



Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada,

**DISPOÑO:**

Primeiro. Eliminar a data límite de xustificación establecida no artigo 21 das bases da convocatoria, que queda redactado do seguinte xeito:

«O prazo máximo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados desde a data de notificación da resolución de concesión».

Segundo. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para os efectos previstos no artigo 44 e 45.3 da LPACAP.

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 32.3 de la LPACAP, contra o presente acordo non cabe recurso de ningún tipo.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2021

Paula María Uría Traba  
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

